

PRODUTO INTERIOR BRUTO MUNICIPAL. Base 2010

METODOLOXÍA

1. Obxectivos

A demanda de información económica cun maior nivel de desagregación territorial, e en concreto por concello, ten medrado de xeito significativo nos últimos anos. A ausencia de información económica agregada, comparable e coherente co Sistema de Contas Económicas de Galicia era unha das eivas da produción estatística do Instituto Galego de Estatística.

O obxectivo desta operación é a obtención de estimacións municipais do produto interior bruto (PIB) e, no caso das comarcas, a desagregación por ramas de actividade, utilizando un amplo e variado conxunto de información estatística de base. O propósito desta operación é converterse nun recurso imprescindible para a fase de diagnose das distintas políticas públicas nas que o territorio sexa o eixo estratéxico, e para o seguimento das mesmas, xa que achegará o nivel de actividade económica en cada un dos concellos galegos ademais dunha descrición da estrutura produtiva de cada unha das 53 comarcas galegas.

Esta operación supón un avance na produción estatística do IGE de cara ao cumprimento do principal obxectivo das operacións que forman parte do sistema de contas económicas de Galicia: ofrecer unha representación cuantificada da realidade económica galega.

A publicación de decembro de 2016 incorpora o paso a definitivos das estimacións de 2010 e 2012, e ofrece ao usuario novos datos para o ano 2014. A integración da nova información dispoñible por concello, basicamente no sector industrial e enerxético, é a principal causa dos cambios nas estimacións de 2010 e 2012.

Estas estimacións son coherentes coas realizadas nas Contas Económicas Anuais difundidas o pasado mes de agosto para o total da economía galega.

2. Ámbito de investigación

Ámbito xeográfico

Está formado polos 314 concellos¹ e as 53 comarcas de Galicia. A economía de cada concello está formada por todas as unidades institucionais que teñen un centro de interese económico predominante no territorio económico do concello, que asimilaremos ao territorio xeográfico². Un centro de interese económico predominante indica que desde o territorio económico existe un lugar desde o que se realizan actividades económicas (SEC-2010 2.07 e seguintes).

Ámbito temporal

O período de referencia da información de base e dos resultados é o ano natural.

3. Definicións

Produto Interior Bruto (PIB)

O PIB é un indicador da actividade total nun territorio económico. Hai tres formas de medir o PIB a prezos de mercado:

- O enfoque da produción, ou oferta: o PIB será a suma de todos os valores engadidos de todas as actividades de produción de bens e servizos, máis os impostos sobre os produtos menos as subvencións sobre os produtos. Este é o enfoque que se segue nesta operación estatística.
- O enfoque do gasto, ou de demanda: o PIB é a suma de todos os gastos finais destinados ao consumo, investimento, máis as exportacións menos importacións de bens e servizos.
- O enfoque da renda: o PIB é o total de todas as rendas obtidas no proceso de produción de bens e servizos, máis os impostos sobre a produción e as importacións menos as subvencións.

¹ Esta operación achega información estatística para 315 concellos nos anos 2010 e 2012, antes da fusión dos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras; e información do ano 2014 no que xa se considera o concello Oza-Cesuras tras a fusión, e por tanto achega información para 314 concellos.

² O territorio económico está definido no SEC-2010 (2.05) e está constituído esencialmente polo territorio xeográfico, aínda que non coincide exactamente con este.

O valor engadido pode desagregarse por rama de actividade, e este enfoque será o seguido na elaboración do PIB municipal.

Rama de actividade

Unha rama de actividade está formada por un grupo de unidades de actividade económica local que se dedican a unha actividade económica idéntica ou similar. A clasificación utilizada para agrupar as unidades por rama de actividade é a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-09), que é a versión española da NACE Rev.2.

Impostos netos sobre os produtos

Son parte do PIB pola vía da oferta (ou enfoque de produción). Son o resultado de sumar os impostos sobre os produtos (SEC-2010, 4.16 e seguintes) menos as subvencións aos produtos (SEC-2010, 4.33 e seguintes).

Os impostos sobre os produtos son impostos a pagar por cada unidade dun determinado ben ou servizo producido ou negociado. Destacan o Imposto sobre o valor engadido (IVE), os impostos especiais sobre determinados consumos, o imposto municipal de construción e obras, o imposto sobre a matriculación de vehículos ou os impostos sobre a importación.

As subvencións sobre os produtos recíbense por unidade dun ben ou servizo producido ou importado.

4. Aspectos metodolóxicos

O punto de partida para as estimacións do PIB municipal é a información dispoñible nas Contas Económicas Anuais, nas que se estiman as contas de produción e explotación para 73 ramas de actividade. Para cada unha das 73 ramas desagregouse o valor engadido bruto (VEB) por concello utilizando diversos métodos de estimación en función das distintas fontes estatísticas dispoñibles.

Porén, o tamaño dos concellos galegos é a principal causa de evitar desagregacións por rama de actividade por criterios de segredo estatístico, representatividade e importancia na estrutura produtiva de Galicia e a calidade da información estatística de base. Só para os concellos de máis de 20.000 habitantes se publica unha difusión do PIB a catro grandes sectores : primario (que inclúe a agricultura, gandería, silvicultura, pesca e acuicultura), enerxía e industria,

construción e servizos. As comarcas permiten unha desagregación máis ampla e publícase información de 12 ramas de actividade.

Na publicación inclúense datos de produto interior bruto por habitante. A poboación utilizada como denominador é a poboación a 1 de xullo de cada ano, estimada como promedio da poboación en Galicia a 1 de xaneiro do *ano t* e a 1 de xaneiro do *ano t+1*, a partir das “*Cifras poboacionais de referencia*” que elabora o IGE.

Táboa 1 Clasificación de ramas de actividade utilizada e equivalencias coa CNAE

Ramas de actividade	Códigos CNAE 09 que se inclúen:	DIFUSIÓN PROVINCIAL E COMARCAL	DIFUSIÓN CONCELLOS DE MÁIS DE 20.000 HABITANTES
PRIMARIO	SECCIÓN A Ramas: 01-03	X	X
ENERXÍA E INDUSTRIA	SECCIÓNS: B,C,D,E	X	X
Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos	05-09,23	X	
Industria agroalimentaria	10-11	X	
Madeira, papel e mobles	16-17;31	X	
Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria	24-28	X	
Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais	29-30; 33	X	
Resto da industria	13-15; 18-22; 32	X	
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	35-39	X	
CONSTRUCCIÓN	SECCIÓN F Ramas 41-43	X	X
SERVIZOS	SECCIÓNS: G a T	X	X
Comercio, transporte e hostalería	45-56	X	
Actividades de información, financeiros, inmobiliarios e profesionais	58-82	X	
Administracións Públicas, Educación, Sanidade e outros servizos	84-96	X	

4.1. Métodos de rexionalización

O SEC-2010 introduce no capítulo sobre as contas rexionais os métodos de rexionalización das contas a escala nacional. Na estimación do VEB municipal, utilizáronse estes métodos, tendo en conta que se parte dos agregados para a economía de Galicia publicados nas Contas Económicas Anuais e búscase obter determinados agregados para espazos económicos máis reducidos (concellos e comarcas). A adaptación á estimación dos agregados municipais dos métodos de rexionalización que propón o SEC (SEC-2010; 13.24) sería a seguinte:

a) Métodos ascendentes. Para unha determinada rama de actividade, este método supón utilizar a información das unidades residentes no concello e ir agregando a mesma ata estimar o VEB xerado no concello.

b) Métodos descendentes. Este método implica distribuír por concello a cifra do VEB estimado para Galicia nunha rama de actividade utilizando un indicador de reparto por concello que reflecta o máis exactamente posible o VEB xerado.

c) Métodos mixtos. O método descendente non se presenta, polo xeral, en estado puro, polo que debe considerarse tamén a posibilidade de utilizar métodos mixtos, nos que se combinan métodos ascendentes cos descendentes.

A información dispoñible para cada rama de actividade determinará en última instancia a utilización dun ou doutro método, sempre dando prioridade aos métodos ascendentes.

A continuación detállanse as fontes de información e o procedemento de estimación utilizado en cada rama de actividade para determinar o VEB e o PIB nos concellos galegos. Hai que ter en conta que o PIB definido desde a óptica da oferta é igual á suma do VEB xerado nas distintas ramas de actividade máis os impostos netos sobre os produtos³.

4.2. Criterios de estimación rama a rama

4.2.1. Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas

O punto de partida é a información procedente do Censo Agrario correspondente ao ano 2009. Para a estimación da agricultura, esta fonte proporciona información por concello do aproveitamento das terras labradas nas explotacións agrícolas, distinguindo os cultivos herbáceos⁴, froitas, oliveiras, viñedo e outras terras labradas. A estrutura da superficie cultivada pondérase polos pesos no valor da produción de cada tipoloxía de cultivo, estimados na “Renta

³ Inclúe fundamentalmente IVE e impostos especiais netos de subvencións pagadas por unidade dun ben ou servizo producido ou importado.

⁴ Inclúe barbeitos e hortas familiares.

Agraria Regional”, operación estatística que elabora o *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente*.

A actualización anual realízase do seguinte modo:

- Actualízanse as superficies produtivas coa información municipal relativa á superficie de cultivo e prado difundida pola Consellería do Medio Rural no “Anuario de estatística agraria”.
- A achega de cada bloque de cultivo (frutais, viñado e outras terras labradas) actualízase coa información rexional de distribución xeral de terras, información difundida pola Consellería do Medio Rural.

No que se refire á gandería, o Censo proporciona as unidades gandeiras nas explotacións agrarias por concello segundo a seguinte tipoloxía: bovinos, ovinos, caprinos, porcinos, equinos, aves e coellos. Así mesmo, as macromagnitudes agrarias estiman o peso na produción do subsector gandeiro segundo esta tipoloxía.

A actualización anual do subsector gandeiro realízase actualizando a achega de cada tipo de produción (bovino, ovino, etc.) á produción final coa información subministrada polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

O número de unidades gandeiras por concello actualízase coa información que subministra a Consellería. É especialmente salientable a información sobre “Efectivos e explotacións de gando bovino”, información elaborada a partir do Sistema Integrado de Trazabilidade Animal (SITRAN), proporcionada pola Consellería do Medio Rural.

Finalmente, elabórase un indicador de reparto do agregado por concello, ponderando os indicadores do subsector agrícola e gandeiro, segundo a súa contribución na produción final agraria estimada nas macromagnitudes. Neste caso estímase o valor engadido bruto cun indicador de produción.

4.2.2 Silvicultura

Para a obtención do indicador de reparto municipal do VEB do sector, utilízase a información municipal dos aproveitamentos madeireiros en montes e ou terreos forestais de xestión pública e privada. Esta información foi subministrada pola Consellería do Medio Rural, a partir da información xerada nos seus rexistros administrativos. Entendemos que o volume de cortas de madeira por concello é o mellor indicador da actividade da rama da silvicultura en cada un dos 314 concellos galegos.

4.2.3. Pesca e acuicultura

A información de partida para a estimación do VEB da pesca a nivel municipal son as vendas nas lonxas galegas e a información do Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia que xestiona a Consellería do Mar. A consellería publica, na súa plataforma tecnolóxica da pesca, *pescadegalicia.gal*, as vendas diarias de produtos pesqueiros frescos nas lonxas galegas. Porén, debe terse en conta que estes datos inclúen vendas procedentes tanto do marisqueo a pé coma de capturas de embarcacións con porto base en Galicia ou fóra de Galicia. A consellería, a petición do IGE, realizou unha explotación das vendas nas lonxas en función do porto base do buque ou da confraría á que pertence o mariscador a pé, segundo correspondese en cada caso. A partir de esta información, constrúese un indicador de reparto do VEB xerado pola pesca.

Debemos ter en conta que parte da pesca capturada polos buques con porto base en Galicia non pasa por lonxa (segundo a normativa vixente⁵, deben venderse en lonxa os produtos pesqueiros vivos, frescos e refrixerados, pero non así, por exemplo, os produtos conxelados ou ultraconxelados a bordo). Para asignar municipalmente o valor desta pesca recorreremos a un indicador indirecto composto por tres variables: eslora, arqueo e potencia dos buques que teñen esta actividade. Esta información está dispoñible no “Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia”.

No que se refire á acuicultura a información tamén procede, fundamentalmente, da Consellería. Para estimar municipalmente esta rama establecemos tres bloques:

- Mexillón: utilizouse a información da Consellería relativa á produción por distritos⁶ en unidades monetarias. No caso de que algún distrito abarque máis dun concello, distribúese entre eles en función da estimación do número de bateas
- Resto de acuicultura mariña: a información provén dunha explotación estatística realizada pola Consellería na que se distinguen datos de cantidade e valor por especie e concello no que se empra o establecemento acuícola.
- Acuicultura continental: o cruce dos datos de produción por especie cos de localización dos establecementos que a producen permite obter un indicador para o reparto territorial da produción co que posteriormente distribuír o valor engadido xerado pola acuicultura continental.

4.2.4. Industrias extractivas

O punto de partida son os datos de produción da estatística mineira que anualmente publica o *Ministerio de Industria, Energía y Turismo*. Proporciona información do número de explotacións,

⁵ *Real Decreto 418/2015, de 29 de mayo, por el que se regula la primera venta de los productos pesqueros*

⁶ A Consellería desagrega a produción en 3 provincias marítimas (A Coruña, Vilagarcía e Vigo) e 15 distritos.

e valor da produción por provincias e produto⁷. Para a obtención dun indicador de reparto do VEB do sector por concello utilizamos distintas fontes de información con datos municipais:

- O Censo Catastral Mineiro de Galicia, que é unha aplicación web desenvolvida pola Cámara Oficial Mineira de Galicia e a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Xunta de Galicia, que describe a situación xeográfica e administrativa dos dereitos mineiros existentes en Galicia. Proporciona información do titular dos dereitos mineiros, o que permite cruzar con outras fontes o tipo de recurso (granito, cuarzo...) e a localización: superficie, municipio ou municipios e coordenadas de delimitación da explotación. Así mesmo, a aplicación permite visualizar en imaxe de satélite as explotacións mineiras para a súa distribución municipal, no caso de que unha explotación abarque varios concellos.
- O directorio de empresas e a relación de empresas membros da Asociación de Áridos (AGA), da Asociación Galega de Pizarristas (AGP) e do Clúster do Granito.
- *Encuesta Industrial de Empresas*. Esta enquisa, realizada polo Instituto Nacional de Estadística (INE), proporciona anualmente unha visión xeral da estrutura industrial, proporcionando información das principais características estruturais e de actividade dos diversos sectores que constitúen a actividade industrial da economía.

A enquisa orienta o dato primario ás unidades informantes, adaptando as principais variables do cuestionario aos criterios e normas do novo Plan Xeral de Contabilidade e utilizando diferentes modelos de cuestionarios en función do tamaño da empresa.

A unidade básica da enquisa é a empresa⁸ industrial que asume ao mesmo tempo o papel de unidade informante e de unidade de observación, é dicir, aquela á que se refiren os datos solicitados no cuestionario. Porén, os obxectivos da enquisa precisan obter información para os establecementos⁹.

A información recollida na enquisa, permite estimar distintos agregados macroeconómicos (como a produción, consumos intermedios, remuneración de asalariados, emprego...) en termos de contas económicas, a partir dos datos contables das empresas (ingresos e gastos de explotación, fundamentalmente). Ademais, proporciona datos de localización por concello, tanto da sede social da empresa como dos seus establecementos.

⁷ Distingue rocas ornamentais (granito, pizarra...); produtos da canteira (area e grava, caliza, serpentina e dunita...); minerais industriais (caolín, cuarzo e magnesita).

⁸ A empresa é toda unidade xurídica que constitúe unha unidade organizativa de produción de bens e servizos, e que ten certa autonomía de decisión, principalmente á hora de empregar os recursos correntes dos que dispón. A empresa pode exercer unha ou máis actividades nun ou varios lugares.

⁹ É toda empresa ou parte dela, situada nun lugar xeograficamente delimitado (taller, fábrica...), no que se realizan actividades económicas ás que dedican o seu traballo unha ou varias persoas por conta dunha mesma empresa.

En definitiva, a partir da enquisa pódese estimar directamente o valor engadido xerado nos establecementos da mostra e asignalo ao concello onde están localizados.

Hai que ter en conta, que a enquisa está deseñada para obter resultados por comunidades autónomas, clase de actividade (Código CNAE-09, a 4 díxitos) e intervalo de tamaño definido polo número de ocupados. Ademais, as empresas con 50 persoas ocupadas ou máis investíganse exhaustivamente e o resto por mostraxe, o que garante a dispoñibilidade de información das empresas máis representativas.

O procedemento consiste en determinar o valor da produción por tipo de recurso, utilizando fundamentalmente a estatística mineira do ministerio en contraste cos datos de produción da mostra incluída na EIE. Asignamos territorialmente a produción por tipo de recurso en función da localización e tamaño das explotacións mineiras que producen o devandito recurso.

4.2.5. Industria manufactureira

A desagregación de traballo foi de 26 ramas dentro da industria manufactureira, seguíndose nelas un procedemento de estimación similar. En primeiro lugar, faise unha breve descrición das fontes estatísticas utilizadas e, posteriormente, detállase o método co que se reparte o valor engadido estimado para cada rama de actividade por concello.

Fontes de información

- *Encuesta Industrial de Empresas*. Para cada rama de actividade, partimos dos datos da enquisa industrial xa depurados nos traballos de estimación dos distintos agregados das contas anuais¹⁰.
- *Encuesta Industrial de Productos (EIP)* Esta enquisa do INE ten como obxectivo principal dispor dunha información completa e recente dos produtos do sector industrial, ofrecendo os resultados cun grado de detalle que permita o estudo dunha ampla selección de produtos, a análise dos seus mercados e a súa evolución temporal. Proporciona información sobre un conxunto de produtos industriais, ao redor de 4.000, que cobren unha importante parte do sector industrial.

Neste caso, a unidade de información ou de observación é o establecemento industrial ou unidade local, mentres que a unidade responsable de proporcionar a información é a empresa.

¹⁰ Hai que ter en conta que na maioría das ramas de actividade, os agregados macroeconómicos non se estiman directamente a partir dunha soa fonte de información, polo que a estimación derivada da enquisa industrial non ten por que coincidir coa estimación de contas

A poboación obxecto de estudo son os establecementos industriais (con independencia da actividade principal da empresa á que pertencen) necesarios para cubrir o 90% da produción de cada clase da CNAE-09 (4 díxitos).

Para cada una destas clases enquénsanse os establecementos industriais pertencentes a empresas de 20 e máis persoas ocupadas. Para certas clases (máis do 50%) ademais, enquénsanse os establecementos industriais de empresas con menos de 20 persoas ocupadas.

A enquisa proporciona datos de localización (entre outros campos o concello onde está localizado) e produción, tanto en unidades físicas como en valor, dos distintos produtos clasificados segundo a PRODCOM¹¹.

- Directorio de empresas e unidades locais. O IGE elabora anualmente un directorio de empresas con datos de identificación, localización, número de asalariados, actividade principal e, se procede, actividade secundaria ou secundarias. O directorio confecciónase fundamentalmente a partir de fontes administrativas: contas de cotización da Seguridade Social, Imposto de Actividades Económicas, Rexistro Mercantil, etc, ademais de utilizar toda a información dispoñible procedente de enquisas como elementos de depuración e contraste.

Por outro lado, o directorio de unidades locais ou establecementos proporciona datos de emprego, de actividade e localización dos mesmos.

Procedemento de estimación

Establécese unha estratificación dos distintos rexistros da EIE en función do emprego remunerado.

¹¹ Clasificación de produtos industriais da Unión Europea harmonizada coa Clasificación do Comercio Exterior ou Nomenclatura Combinada. A lista PRODCOM europea abarca as industrias extractivas e a industria manufactureira (seccións B e C da CNAE-09).

Táboa 2 Estratos de asalariados en función do emprego

Estrato	Empleo remunerado	
	min	max
0	0	0
1	1	3
2	4	9
3	10	19
4	20	49
5	50	99
6	100	249
7	250	499
8	500	999
9	1.000	10.000

A partir dos microdatos da EIE clasificados por rama de actividade calcúlase a produción, o valor engadido bruto, o número de establecementos e o número de asalariados para cada **estrato e concello**. Deste xeito, podemos asignar directamente a cada concello o valor engadido xerado polas empresas representadas na mostra da enquisa. Derivado desta información pódese calcular a produtividade¹² por estrato e empresa ou empregado remunerado.

Posteriormente, faise unha explotación do directorio de empresas, definindo o número de empresas e de asalariados por concello e estrato de asalariados. Neste proceso faise un contraste dos datos do directorio coa información que achega a EIP, o rexistro mercantil ou, en determinados casos, da información propia das empresas. Este contraste realizouse de xeito exhaustivo para as empresas de 20 ou máis ocupados, no que se refire aos seguintes campos: concello/s onde realiza a actividade, actividade principal e número de asalariados.

O volume de emprego non recollido na EIE, pero presente en cada rama de actividade segundo o directorio será o punto de partida para estimar o valor engadido total xerado en cada rama e asignado a cada concello.

Desta forma, para unha rama de actividade concreta, o VEB total estimado por concello é igual á suma dos VEB estimados por estratos, que a súa vez son igual á suma do VEB estimado directamente pola EIE máis o VEB elevado pola produtividade media do estrato en Galicia, a partir dos datos de empresas do directorio que non están na enquisa.

$$VEB_{ijk} = VEB_{EIE}_{ijk} + VEB_{DIR}_{ijk}$$

Onde VEB_{ijk} é o valor engadido da rama i para o concello j no estrato k ; VEB_{EIE}_{ijk} é o valor engadido estimado directamente a partir da enquisa industrial do INE por

¹² Cociente entre o valor engadido e o número de empregados remunerados ou cociente entre o VEB e o número de empresas do estrato.

concello/rama/estrato e VEB_DIR_{ijk} o valor engadido estimado a partir do directorio do IGE a partir de ratios de produtividade por rama/concello/estrato.

$$VEB_{ij} = \sum_k (VEB_EIE_{ijk} + VEB_DIR_{ijk})$$

O VEB total estimado por este procedemento difire do VEB estimado nas Contas Económicas Anuais, aínda que na maioría das ramas de actividade da industria a diferenza non é significativa.¹³ Polo tanto, a estrutura xeográfica derivada deste método aplícase ao VEB total estimado.

4.2.6. Construción

O sector da construción pódese dividir en 3 subsectores, que constitúen o nivel de traballo nas Contas Económicas Anuais, e para os que se dispón o seu peso no conxunto do sector: edificación residencial (CNAE 411), edificación non residencial (CNAE412) e obra civil (CNAE42). No que respecta as actividades de construción especializada (demolición e preparación de terreos, instalacións eléctricas e de fontanería, acabamento de edificios, etc.), clasificadas na CNAE 43, inclúense nos anteriores bloques atendendo ao peso destes no total do sector. Unha vez estimada a subsectorización da rama de actividade estímense os datos por concello do seguinte xeito:

a) Edificación residencial

Dentro da edificación residencial partimos de dúas estimacións. Por un lado o VEB xerado pola edificación de vivendas e por outro as actividades de construción especializada vinculadas á vivenda.

No primeiro caso, para o reparto municipal, utilizamos a información de superficie construída recollida nas licencias de obra maior que concederon os Concellos nos tres últimos anos (ano de referencia do PIB municipal “t”, e anos “t-1” e “t-2”). Con este intervalo de tempo, preténdese recoller a periodificación da actividade da construción de vivendas, isto é, o prazo de tempo que transcorre entre a licenza de obra e o remate da mesma.

Dada a diferenza dos prezos da vivenda nos distintos concellos, constrúese un índice de prezos da vivenda por concello co obxectivo de ter en conta esa variabilidade de prezos na estimación do VEB. Para iso, pártese da información publicada polo Ministerio de Fomento sobre os prezos da vivenda libre dos municipios maiores de 25.000 habitantes. Para Galicia recóllese o prezo por m² da vivenda libre en 16 concellos. Partindo deses datos, constrúese un

¹³ En promedio a discrepancia entre o VEB de referencia e o VEB estimado con este procedemento é inferior ao 10%.

índice para o resto dos concellos mediante un modelo que relaciona o prezo por m² da vivenda no concello co prezo por m² da vivenda na provincia, a poboación total do concello e a renda bruta dispoñible dos fogares por habitante¹⁴ no concello.

Para o reparto municipal das actividades de construción especializada utilizamos a información do directorio de empresas e unidades locais, no que se refire á localización e número de traballadores remunerados. Aplicando produtividades por traballador estimadas nas contas anuais, obtemos unha estimación do VEB municipal destas actividades tendo en conta o emprazamento da empresa. Cómpre sinalar que, no caso da construción, un establecemento é o lugar onde se realiza a obra e pode ocorrer que estea localizada noutro municipio distinto de onde a empresa ten a súa sede social. Ao mesmo tempo, moitos destes traballos non están vinculados á rehabilitación ou construción de novas vivendas, polo que no caso de determinadas actividades (fontanería, pintura, electricidade) supoñemos que a maior parte da súa actividade a realizan no seu concello de residencia. Con estes criterios repartimos o VEB xerado por estas actividades por concellos, ponderando un 80% a localización da empresa e un 20% a localización da vivenda en base ás licencias concedidas.

b) Edificación non residencial

O método seguido é similar ao utilizado na edificación residencial. Neste caso, utilízase a superficie en m² obtida das licencias concedidas polos concellos para a construción de edificios non residenciais. A distribución por concellos corríxese co mesmo índice que no apartado anterior, co obxectivo de ter en conta a disparidade de prezos. Finalmente, para a estimación dos traballos específicos vinculados a esta edificación por concello, utilízase a información do directorio de empresas e unidades locais.

c) Enxeñaría civil

Esta actividade comprende a construción de grandes obras como autoestradas, estradas, rúas, pontes, túneles, liñas férreas, aeroportos, portos e outras obras hidráulicas, sistemas de rega e de sumidoiros, instalacións industriais, oleodutos, gasodutos e liñas eléctricas, instalacións deportivas ao aire libre, etc. Dada a dificultade que existe para territorializar esta actividade, en especial cando se trata de grandes infraestruturas (estradas, liñas férreas...) e posto que o valor engadido xerado por estas obras non se traduce necesariamente en rendas do traballo e capital percibidas polos residentes, optouse por repartir o valor engadido xerado nestas obras entre os concellos do seguinte xeito:

¹⁴ A renda por habitante obtense da publicación "Renda dos fogares municipal. Contas de distribución dos fogares por concello".

- A licitación de obra pública das entidades territoriais (concellos) asígnanse ao concello que realiza o gasto. Esta información está dispoñible no Ministerio de Fomento por tipoloxía de obras (estradas e vías urbanas, urbanizacións...) e o gasto dos concellos en infraestruturas reais está dispoñible nas liquidacións orzamentarias publicada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- O resto do valor engadido xerado distribúese por poboación, xa que se entende que se pode utilizar en beneficio do conxunto da poboación

4.2.7. Servizos de mercado

Traballouse con 39 ramas de actividade pertencentes aos servizos de mercado¹⁵, seguíndose na maioría delas un procedemento de estimación similar.

Fontes de información

A principal fonte de información utilizada é a *Encuesta Anual de Servicios (EAS)*. Esta enquisa vai dirixida ás empresas dedicadas ao comercio, transporte e almacenamento, hostalaría, información e comunicacións, actividades inmobiliarias, actividades profesionais, científicas e técnicas, actividades administrativas e servizos auxiliares, actividades artísticas, recreativas e de entretemento e outros servizos.

O seu principal obxectivo é o estudo das características estruturais e económicas das empresas que compoñen o sector, recollendo información relativa á actividade principal, locais, estrutura do emprego e datos contables, como compras, ingresos, operacións de capital e impostos. A unidade de observación e investigación é a empresa, sendo tamén a unidade informante.

Como variable de estratificación da enquisa, ademais da actividade económica principal e a dimensión da empresa determinada polo número de ocupados, está a localización xeográfica por comunidade autónoma. Non obstante, posto que calquera empresa pode levar a súa dirección e xestión administrativa nunha comunidade e ter os establecementos noutros emprazamentos xeográficos, tamén presenta unha distribución autonómica para cinco variables considerando a localización dos devanditos establecementos: número de locais, volume de negocio, soldos e salarios, inversión en activos materiais e persoal ocupado.

Ademais, utilízase o directorio de empresas e unidades locais¹⁶ para estimar o valor engadido total por concello, segundo se detalla a continuación.

¹⁵ Comprende os servizos que se prestan no mercado a prezos economicamente significativos, é dicir, cando as vendas cobren máis do 50% dos custos de produción.

¹⁶ Xa descrito con anterioridade.

Procedemento de estimación

O punto de partida son os microdatos orixinais da EAS por rama de actividade. As unidades produtivas dunha determinada rama de actividade puideron ser ou non seleccionadas nesta enquisa. De seren seleccionadas temos que analizar se só teñen un establecemento en Galicia (unilocalizadas) ou máis dun, e tratar de forma separada aquelas unidades que teñen máis dun local na nosa comunidade autónoma (multilocalizadas).

$$VEB_{ij} = VEB_EAS_UNI_{ij} + VEB_EAS_MULTI_{ij} + VEB_Resto_{ij}$$

Sendo VEB_{ij} o valor engadido bruto da rama i no concello j e as súas compoñentes:

- Valor engadido das empresas unilocalizadas que están na EAS: $VEB_EAS_UNI_{ij}$
- Valor engadido das empresas multilocalizadas que están na EAS: $VEB_EAS_MULTI_{ij}$
- Valor engadido daquelas unidades que non están na EAS: VEB_Resto_{ij}

Nos dous primeiros casos, empregando a EAS, calculamos a produción, consumos intermedios, VEB e emprego asalariado e non asalariado de cada unha das empresas seleccionadas e obtemos resultados por estrato de emprego. As empresas estratífficanse cos mesmos intervalos definidos para a industria, en función do seu tamaño segundo o número de traballadores asalariados.

No caso das empresas unilocalizadas, dispoñemos do concello onde realiza a súa actividade, pero no caso das empresas multilocalizadas non dispoñemos desa información, só dos datos para o conxunto de Galicia. Utilizando o directorio de establecementos dispoñible no IGE, dispoñemos do emprazamento por concello das distintas unidades locais dunha empresa, así coma do seu emprego. A partir destes datos repartimos, en función da distribución do emprego, o VEB da empresa en Galicia por concellos. Desta forma, a partir dos microdatos da enquisa, podemos asignar directamente a cada concello e por estrato de asalariados o VEB xerado polas empresas da mostra.

Para poder estimar o VEB total utilizamos o directorio de unidades locais, de forma que clasificamos por estrato e concello, o número de asalariados dos establecementos que figuran no directorio e non están na mostra da enquisa. A continuación, aplicamos a cada dato por concello e estrato, a produtividade media por estrato do conxunto de Galicia derivada da enquisa e definida coma o cociente entre o valor engadido e o número de traballadores asalariados. No caso das empresas sen asalariados, calculamos a produtividade a partir do dato de emprego non asalariado.

Por último, para cada rama de actividade, a estrutura xeográfica derivada desta estimación aplícase ao nivel de VEB estimado nas contas económicas anuais.

4.2.8. Servizos de non mercado

A produción non de mercado é a produción subministrada a outras unidades de forma gratuíta ou a prezos non significativos¹⁷. Inclúe os servizos de administración pública e defensa, os servizos de seguridade social obrigatoria, os servizos públicos de educación, sanidade, servizos sociais, culturais e deportivos, así como as distintas actividades realizadas polas institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares (ISFLSF)¹⁸. Polo tanto, os produtores de non mercado son os sectores institucionais administracións públicas e ISFLSF, con independencia de que realicen algunha produción secundaria de mercado.

A produción non de mercado valórase a partir dos custos totais de produción, é dicir, como suma dos consumos intermedios (servizos exteriores e aprovisionamentos, fundamentalmente), gastos de persoal, outros impostos netos ligados á produción e o excedente bruto de explotación¹⁹, que nestes sectores equivale ao consumo de capital fixo²⁰. Polo tanto, o VEB como diferenza entre a produción e os consumos intermedios, equivale aos gastos de persoal máis o consumo de capital fixo e os outros impostos netos ligados á produción.

No caso das administracións públicas, os gastos de persoal representan aproximadamente o 85% do VEB, polo tanto o obxectivo no proceso de estimación do VEB municipal consistiu en poder distribuír os devanditos gastos por concello nas distintas ramas de actividade. Este criterio leva implícito que o consumo de capital fixo repártese territorialmente do mesmo xeito que os gastos de persoal.

O procedemento e as fontes de información utilizadas detállanse a continuación para cada rama de actividade:

Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria. Esta actividade comprende a administración xeral (de carácter executivo, lexislativo, financeiro, etc., a todos os niveis da administración) e a supervisión no ámbito da vida social e económica; as actividades de asuntos exteriores, defensa e orde pública e seguridade e a seguridade social obrigatoria.

¹⁷ Enténdese que son prezos que teñen un efecto significativo sobre o volume de produtos que os produtores están dispostos a ofrecer e sobre o volume de produtos que os compradores estarían dispostos a adquirir. Para determinar se unha produción se vende a prezos economicamente significativos utilízase o criterio cuantitativo do 50%: para ser un produtor de mercado as vendas deben cubrir como mínimo o 50% dos custos.

¹⁸ Unha ISFLSF privada, se produce a prezos significativos, clasifícase institucionalmente no sector sociedades.

¹⁹ Na produción de non mercado, o excedente neto de explotación é 0.

²⁰ O consumo de capital fixo representa o montante dos activos fixos consumidos durante un período contable, como resultado do desgaste .

Estimouse o VEB municipal como agregación das estimacións realizadas para os distintos subsectores da administración:

- Administración local. A fonte de partida son as liquidacións de presupostos das entidades locais publicadas anualmente polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Proporciona información por deputación e concellos dos dereitos e obrigas recoñecidas a nivel de capítulo (clasificación económica) e grupo de funcións (clasificación funcional do gasto). Utilízanse os datos de gastos de persoal (capítulo I) de cada concello, mentres que os gastos de persoal das deputacións provinciais se reparten entre os concellos da súa provincia pola poboación dos mesmos.
- Administración autonómica. Trátase por separado a Xunta de Galicia e os seus organismos autónomos (OO.AA.), os entes públicos, as sociedades públicas e os gastos na administración de xustiza.

No caso da Xunta e OO.AA. utilízase a liquidación de presupostos, coas obrigas recoñecidas no capítulo I de gastos de persoal e a información da localización dos perceptores dese gasto (servizos centrais e delegacións). Por outro lado, o total dos gastos de persoal de cada organismo autónomo distribúese territorialmente, en función da súa localización e, de ser o caso, do persoal estimado en cada delegación.

Por outro lado, para os entes e sociedades públicas dispónse de información contable dos gastos de persoal de cada un deles, asignándose ao concello ou concellos onde realizan a súa actividade.

No que se refire á administración de xustiza, a liquidación da Xunta proporciona os seus gastos de persoal. Para a súa distribución por concello partimos da información dos cadros de persoal por órganos xudiciais (audiencia provincial, xulgados de primeira instancia, xulgados do mercantil, etc), cargo (auxilio xudicial, tramitación procesual, maxistrado ou Xuíz, xestión procesual e secretario) e localización. Esta información proporciónaa o Consello Xeral do Poder Xudicial, na súa memoria anual da actividade xudicial por tribunal.

Deste xeito asignamos, en función da distribución por concello do persoal de xustiza, o seu gasto de persoal.

- Administración central. A actividade da administración do Estado en Galicia está recollida nas memorias anuais da Delegación do Goberno. Recolle información para cada Ministerio do persoal, gastos de persoal, ademais de gastos correntes e de capital. Dentro de cada ministerio, a información aparece distribuída por provincias e distintos departamentos. Utilizando a información dos distintos organismos no que se refire á localización das súas oficinas distribuíuse o emprego e gastos de persoal, co

obxectivo de obter unha desagregación municipal do VEB xerado pola administración do Estado en Galicia.

Educación. Comprende tanto a educación de non mercado impartida polas diferentes institucións do sistema educativo regular, en todos os seus niveis, como a educación de non mercado de adultos, programas de alfabetización, cultural, deportiva, etc.

Neste caso, tamén se estimou o VEB municipal como agregación das estimacións realizadas para os distintos subsectores da administración que prestan servizos educativos:

- Administración local. Nas liquidacións de presupostos das entidades locais, publicadas anualmente polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, publícase o gasto en educación para o conxunto dos concellos e as deputacións provinciais. A distribución municipal deste gasto faise coa información detallada facilitada polo Consello de Contas, mentres que o gasto das deputacións se reparte en función da poboación dos concellos²¹.
- Administración autonómica. Para a distribución municipal dos gastos de persoal en educación estimados a partir das liquidacións de orzamentos da Xunta, partimos da información proporcionada pola Consellería de Educación sobre o número de profesores en centros públicos de ensinanza non universitaria por concellos.
- Universidades²². Partindo das liquidacións de presupostos das tres universidades, distribuíronse os gastos de persoal correspondentes ao persoal docente e administrativo por campus en función da distribución do persoal. Os gastos de persoal estimados en persoal investigador impútanse á actividade de investigación e desenvolvemento de non mercado que se integra na rama 72. Este é o criterio utilizado na nova base contable do Sistema de Contas Económicas de Galicia..

Sanidade. Os servizos sanitarios son prestados basicamente pola administración autonómica e de forma residual polos concellos.

- Administración autonómica: a partir das liquidacións de presupostos do Sergas diferéncianse entre gastos de persoal en Atención Primaria e en Atención Especializada. Para a distribución por concellos, no primeiro caso utilízase a información da Consellería de Sanidade de recursos humanos en atención primaria por concello, ponderando os mesmos en función da súa estrutura por categoría profesional (médico, ATS, fisioterapeuta, persoal administrativo, etc.). Esa estrutura aplícase aos gastos de persoal por xerencia de atención primaria. No caso da Atención Especializada, partimos da clasificación orgánica dos gastos de persoal, que se

²¹ Hai que ter en conta que o VEB xerado polas corporacións locais en educación representa só o 2% do total da rama.

²² As universidades formalmente están englobadas na administración autonómica.

recollen para cada hospital ou complexo hospitalario na liquidación de presupostos do Sergas e que se imputan aos concellos correspondentes.

- Corporacións locais: o procedemento seguido é análogo ao da educación de non mercado, repartíndose o gasto funcional en sanidade coa información detallada facilitada polo Consello de Contas, mentres que o gasto das deputacións repártese en función da poboación dos concellos.

Servizos sociais. Comprende a prestación de asistencia en establecementos residenciais e a prestación de diversos servizos sociais directamente aos usuarios sen servizos de aloxamento.

- Corporacións locais: temos información, ao igual que de sanidade e educación, na publicación do Ministerio do gasto funcional dos concellos agregado por provincias e o gasto das deputacións ademais da clasificación funcional do gasto facilitado polo Consello de Contas. O reparto por concellos do gasto das Deputacións faise polo peso da súa poboación no total provincial.
- Administración autonómica: partimos da liquidación de presupostos da Xunta coas obrigas recoñecidas no capítulo I de gastos de persoal e a información dos “terceiros” para identificar a localización dos perceptores dese gasto. Por outro lado, os gastos de persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar distribuímoslos por concellos en función da poboación.

Nesta rama, case o 40% do VEB é xerado pola actividade das ISFLSF. As estimacións do VEB xerado por estas institucións nas distintas actividades que realizan explícase posteriormente.

Outras actividades de non mercado:

- Actividades culturais e deportivas: o procedemento de estimación é similar ás anteriores ramas no que se refire aos servizos prestados polas administracións locais e autonómica.
- Actividades de programación e emisión de radio e televisión de non mercado. Comprende as actividades de creación de contidos ou adquisición de dereitos de distribución de contidos e, posteriormente, a emisión de tales contidos, por exemplo, radio, televisión e programas de datos de espectáculos, noticias, debates e similares. O valor engadido por concello estímase a partir das liquidacións dos entes e sociedades públicas que realizan esta actividade.
- Actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación. Utilízase a información do gasto por funcións detallado facilitado polo Consello de Contas, para a distribución municipal do VEB.

En todas estas actividades obtense un vector territorial de distribución dos gastos de persoal ou doutra variable coa que posteriormente se reparte o VEB total da rama por concello.

Tratamento das Institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares

As ISFLSF son produtores de non mercado e realizan as seguintes actividades:

- Asistencia en establecementos residenciais e actividades de servizos sociais sen aloxamento.
- Actividades de creación, artísticas e espectáculos; actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais e actividades deportivas, recreativas e de entretemento.
- Actividades asociativas (actividades sindicais, políticas, relixiosas, consumidores...).

O procedemento seguido para a estimación do VEB xerado por estas institucións por concello, utiliza a información contida no directorio de empresas e unidades locais. Dado que a cobertura no directorio non é exhaustiva no caso das ISFLSF²³, optouse por distribuír unha porcentaxe do VEB por poboación, asumindo o criterio de que parte dos seus servizos van dirixidos ao conxunto da poboación e que parte deses servizos xeran valor engadido en todo o territorio (actividades políticas, relixiosas, etc). Tamén se utilizou a distribución municipal dos asalariados a partir das contas de cotización dos rexistros da Seguridade Social clasificadas como ISFLSF.

4.2.9. Outras ramas de actividade

Hai distintas ramas de actividade que polas súas propias características ou das empresas incluídas nas mesmas, teñen un tratamento específico na estimación municipal do VEB. A continuación faise unha relación das mesmas:

- **Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado.** O VEB municipal estímase a partir da información da xeración de enerxía eléctrica por central suministrada polo Instituto de Enerxía de Galicia (INEGA) para a elaboración desta operación estatística.. Proporciona datos da xeración de electricidade por central eléctrica e fonte de enerxía (hidráulica, eólica, térmica, solar) o que permite distribuír o VEB da parte de **xeración** de electricidade. Para o reparto do VEB correspondente á **distribución** de electricidade, a estatística proporciona a sectorización da enerxía comercializada. A parte destinada a usos domésticos repártese por concello en función da poboación residente, mentres que no caso dos outros sectores de consumo o criterio de reparto é pola estrutura do VEB municipal estimado nesas ramas de actividade.

Por último, o VEB da xeración de gas impútase ao concello onde está a única planta, mentres que para a distribución se parte da Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos

²³ Dada a natureza das ISFLSF, se estas non teñen emprego asalariado poden non figurar nas fontes coas que se elabora o directorio.

Locais²⁴ do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que facilita información por concellos, dos núcleos e da poboación con servizo de distribución de gas. Coa estrutura derivada desta información distribúese territorialmente o VEB.

- **Captación, depuración e distribución de auga.** Neste caso, optouse por repartir o VEB entre os concellos por poboación, xa que a enquisa industrial e o directorio non permiten unha asignación correcta da actividade das empresas por concello.
- **Transporte por ferrocarril.** O reparto do VEB por concellos realizouse en función do número de viaxeiros por estación de ferrocarril. Esta información procede dunha petición a medida atendida por ADIF.
- **Transporte aéreo.** Para a estimación do VEB, empregouse un enfoqueseudodescendente baseado na renda, calculando por separado remuneración de asalariados e excedente de explotación bruto. No caso da remuneración de asalariados asígnase ao concello que emprega a estes. O excedente asígnase ao concello usando indicadores relativos á actividade aérea: movemento de pasaxeiros e de mercadorías. Para estimar os impostos e as subvencións recórrese a métodos descendentes, usando como chave de distribución os indicadores usados para estimar o excedente.
- **Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións.** Utilizáronse as estimacións das rendas da propiedade obtidas na estatística da “Renda dos fogares municipal”, en concreto as partidas intereses pagados e intereses percibidos. A partir da estrutura municipal obtida repártese o VEB desta actividade.
- **Seguros, reaseguros e fondos de pensións e actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros²⁵.** Partindo do directorio de empresas e unidades locais, aplicamos as produtividades por asalariado e non asalariado derivadas das estimacións das contas anuais ao número de traballadores asalariados por concello e ao número de empresas sen asalariados, respectivamente. A estrutura resultante aplícase para a distribución do VEB por concello.
- **Actividades inmobiliarias.** A parte correspondente ao aluguer imputado obtense a partir das estimacións por concello da renda dos fogares, que se corresponden co excedente bruto de explotación dos fogares. Por outro lado, a estimación do resto da rama segue o procedemento xeral dos servizos de mercado.

²⁴ A enquisa non inclúe no seu ámbito de investigación aos concellos de máis de 50.000 habitantes.

²⁵ Este método utilízase na estimación doutras ramas como as actividades asociativas, ou parte delas no caso de que a enquisa de servizos non cubra toda a actividade da rama, por exemplo as actividades culturais e deportivas e outros servizos persoais.

- **Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico.** O VEB da rama repártese por concello en función da distribución do número de afiliados ao réxime de empregados do fogar.

4.3. Estimación dos impostos netos sobre os produtos

Os impostos netos sobre os produtos son parte do PIB pola vía da oferta. Nas estimacións municipais en base 2008 os impostos non se calculaban expresamente senón que se repartían proporcionalmente ao VEB xerado no concello. Se o concello achega o 10% do VEB de Galicia, os impostos que se lle asignaban representaban ese 10% do total de Galicia, polo que a relación impostos sobre PIB era idéntico en cada concello.

Porén, este criterio non recolle o feito económico e non parece correcto asignar en exclusiva os impostos en función do VEB xerado no concello, polo que nas estimacións en base 2010 cambiouse o procedemento.

En primeiro lugar hai que distinguir as diferentes partidas que conforman o agregado “impostos netos sobre os produtos” (entre paréntese a distribución porcentual en 2014):

- D211 Imposto do tipo valor engadido (IVE) (73,4%)
- D212 Impostos e dereitos sobre as importacións, excluído o IVE (1,8%)
- D214 Impostos sobre os produtos, excluídos o IVE e os impostos sobre as importacións e exportacións (32,6%)
- D31 Subvencións aos produtos (-7,8%)

Imposto do tipo valor engadido (IVE)

O imposto cuantitativamente máis relevante é o IVE. Para asignar por concello este imposto en primeiro lugar determinouse que parte corresponde ao Gasto en consumo final dos fogares e que parte corresponde ás operacións de consumo intermedio e formación bruta de capital. Esta información, de carácter interno, forma parte das estimacións das matrices de valoracións do Marco Input-Output de Galicia.

Para cada unha destas partes utilízase un criterio de territorialización diferente: no IVE xerado polo gasto en consumo final utilizáronse estimacións do gasto en consumo por concello, elaborados a partir dos datos da “*Encuesta de Presupuestos Familiares*” e os datos de poboación por concello. No IVE xerado polo investimento e os consumos intermedios utilizáronse as estimacións do VEB por rama de actividade.

Impostos e dereitos sobre as importacións, excluído o IVE

Os impostos e dereitos sobre o cru importado asignanse ao único concello cunha refinería de petróleo. O resto destes impostos estímase en función do VEB total dos concellos.

Impostos sobre os produtos, excluídos o IVE e os impostos sobre as importacións e exportacións

Neste grupo están os impostos especiais e sobre o consumo, os impostos de matriculación de automóbiles ou os impostos sobre primas de seguros, por exemplo.

Para asignar por concello os impostos especiais (alcohol, tabaco, electricidade e carburantes) en primeiro lugar utilizamos a información do Marco Input-Output relativa a que parte dos impostos gravan o consumo dos fogares e que parte gravan as operacións de consumo intermedio. Para territorializar os impostos especiais que gravan o consumo utilizamos unha estimación do consumo por concello nos produtos que sofren este imposto (alcohol, tabaco, electricidade e carburantes). No caso do imposto especial que grava o consumo intermedio utilizamos a distribución do VEB municipal en cada unha das ramas que sofre o imposto.

Para o resto de impostos buscamos un indicador que nos permita asignar concello a concello o importe do imposto. Así, no caso do imposto das matriculacións de vehículos utilízanse datos sobre matriculación de vehículos por concello; no caso do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados utilizamos información directa da liquidación do imposto; e no caso do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras utilizamos información do valor engadido da parte residencial da rama da construción.

Subvencións aos produtos

O punto de partida para a súa asignación municipal é de novo a información interna do Marco Input-Output. As subvencións aos produtos están moi concentradas en determinados produtos e para os efectos da súa distribución por concello establecemos catro bloques:

- Produtos primarios: distribúese por concello en función de variables coma o consumo en produtos alimenticios, VEB territorial da rama da agricultura e gandería, e VEB territorial das ramas que consumen este produto (ramas da industria alimentaria, especialmente).
- Produtos da silvicultura: distribúense por concello en función do VEB das industrias que usan como materia prima os aproveitamentos madeireiros (industria da madeira, papel e fabricación de mobles).
- Transporte: distribúense por concello en función do gasto en consumo final en servizos de transporte.
- Resto de produtos: distribúense por poboación do concello.

4.4. Diferenzas conceptuais entre o PIB e a renda dos fogares

O PIB é unha macromagnitude económica que resume o volume de actividade produtiva nun espazo económico nun período de tempo determinado. É o resultado dos procesos de produción de diversos axentes que operan en cada concello (empresas, fogares, administracións públicas, etc) producindo bens e servizos finais.

A renda dos fogares é unha magnitude económica que fai referencia só a un grupo de axentes (os fogares) e que mide a renda dispoñible, renda que procede tanto da participación no proceso produtivo (remuneración de asalariados ou rendas mixtas) coma dos procesos de redistribución da renda (a través da percepción de prestacións, pago de impostos e cotizacións sociais, e percepción e pagamento doutras transferencias correntes).

O IGE elabora a Renda dos Fogares Municipal na que se ofrece información das operacións de asignación, distribución e utilización da renda no ámbito do sector fogares. Esta operación permite estimar a renda dispoñible por concello para o sector fogares.

Táboa 3 Diferenzas conceptuais entre PIB e a Renda Dispoñible Bruta dos Fogares

SUCESIÓN DE CONTAS		Sociedades non financeiras	Institucións financeiras	Administracións públicas	Fogares	ISFLSF	AGREGADO
PRODUCCIÓN	Describe o proceso de produción da economía ou sector	X	X	X	X	X	PIB
DISTRIBUCIÓN PRIMARIA:	Xeración de renda derivada do proceso de produción e a súa distribución entre os factores de produción	X	X	X	X	X	
DISTRIBUCIÓN SECUNDARIA:	Redistribución da renda a través de transferencias (impostos, cotizacións sociais, prestacións sociais, etc.)	X	X	X	X	X	RENDA DISPOÑIBLE BRUTA

PIB MUNICIPAL: desagregación por concello do PIB

RENDA BRUTA DISPOÑIBLE DOS FOGARES: desagregación por concello da renda do sector fogares

A comparación de PIB por habitante e renda bruta dispoñible por habitante pón de manifesto diferenzas de orde e magnitude, e é conveniente ter claras as diferenzas metodolóxicas entre ambas operacións.

O PIB vai depender do emprazamento das unidades produtivas nun concello pero o desenvolvemento da súa actividade pode non ter reflexo claro na renda dos fogares. Exemplos

claros terémolos naqueles concellos que xeran moito valor a partir da explotación de recursos enerxéticos (eólicos e hidráulicos) pouco intensivos en factor traballo. Eses concellos terán un PIB elevado pero non necesariamente unha renda dispoñible bruta dos fogares elevada.

Outro aspecto a considerar é que o PIB xérase no concello no que está emprazado o establecemento produtivo, pero a forza de traballo pode residir noutro concello. Eses traballadores xeran valor no concello da unidade produtiva pero a renda dispoñible corresponde ao concello no que residen. Un exemplo teríámolo nos concellos próximos ás cidades, como por exemplo Ames, Oleiros ou Pereiro de Aguiar, concellos que non destacan como xeradores de valor engadido pero si como concellos con elevada renda dispoñible.

5. DIFUSIÓN DE RESULTADOS

A difusión de resultados inclúe:

- Datos de Produto Interior Bruto para os 314 concellos galegos
- Datos de Produto Interior Bruto para as 53 comarcas galegas cunha distribución a 12 ramas de actividade en cada unha delas
- Datos de Produto Interior Bruto para os concellos de máis de 20.000 habitantes cunha distribución a 4 grandes ramas de actividade
- Datos de Produto Interior Bruto por habitante para os 314 concellos e as 53 comarcas galegas

Tamén se difundirá a distribución territorial do VEB xerado por unha determinada rama de actividade, para deste modo, visualizar xeograficamente a localización da xeración de valor engadido.